

ACTA DA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, CELEBRADA O DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2012.

En Sada, a 12 de novembro de 2012 sendo as 19.00 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse, nas instalacións de Aspace – parroquia de Osedo (Concello de Sada).

Asistentes:

- D. José Calo Faraldo, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa das mulleres (Asociación Elas).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva”).
- D. Fernando Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultura Aberta de Carral).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas) e Secretaria da Asociación.
- Dna. Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo) e Tesoureira da Asociación.
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.

- D. Manuel Padín Santos, Concelleiro de emprego, promoción económica e turismo do Concello de Arteixo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Marta Iglesias Becerra, Concelleira de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. José Angel Sánchez López. Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Sada, en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s (ASPACE)*.
- D. José Francisco Castro Vilariño, en calidade de asesor externo da Asociación “Mariñas – Betanzos”.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- Dna. Concepción Bonome González. Técnica Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.

A SESIÓN DESENVOLVEUSE, CO SEGUINTE RESULTADO:

Da a benvinda Eulogio López, en representación de ASPACE, agradecendo o feito de celebrar a reunión nas súas instalacións, e proponendo unha visita cando remate a Xunta Directiva.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior (10 de setembro de 2012).

2. SEGUIMIENTO PROGRAMA LEADER 2007-2013.

2.1. Proxectos certificados na anualidade 2012

Os proxectos certificados na anualidade 2012 detállanse a continuación:

PROXECTOS	IMPORTE AXUDA CERTIFICADO 2012
MEDIDA 411	
Explotación centro produción Galiña Piñeira. Exp. Nº 24	33.252,55
Investimentos no sector agrario posta en marcha novas producións. Exp. nº 96	40.153,76
Melloras en fábrica de pensos composto para animais. Exp. Nº 98	40.088,75
Creación punto de venda explotación Oza dos Ríos. Exp. Nº 28.	9.750,00
Ampliación empresa de servizos forestais en Tabeaio (Carral). Exp. Nº 120.	41.875,00
TOTAL MEDIDA 411	165.120,06
MEDIDA 412	
Rexeneración e protección da Fraga do Vinte. Exp. Nº 86	13.218,10
TOTAL MEDIDA 412	13.218,10
MEDIDA 413	
PRODUTIVOS	
Creación empresa integral turismo e servizos de ocio. Exp. Nº 4.	7.781,53
Ampliación empresa maiorista de pinturas. Exp. Nº 14	24.880,48
Nova escola infantil na Lagoa. Exp. Nº 17.	17.204,74
Modernización cámping Aguiar. Exp. Nº 33	21.830,62
Modernización industria mellora mediambientais. Exp. Nº 34.	56.601,33
Ampliación Campo de Golf en Larín Arteixo. Exp. Nº 46.	65.260,00
Implantación plataforma de comunicacións en alimentación . Exp. Nº 48	7.392,80
Ampliación empresa adicada ao comercio ao por maior. Exp. Nº 54	10.854,15
Creación carpintería en Cañás (Carral). Exp Nº 66	9.316,32
Fabricación de cadros eléctricos especiais. Exp. Nº 92	93.151,04
TOTAL MEDIDA 413 (PRODUTIVOS)	314.273,01
NON PRODUTIVOS	
Ampliación refuxio de animais. Exp Nº 9	59.481,42
TOTAL MEDIDA 413 (PRODUTIVOS)	59.481,42
TOTAL MEDIDA 413	373.754,43
IMPORTE TOTAL DAS AXUDAS XUSTIFICADAS NO ANO 2012	552.092,59

Os fondos asignados á anualidade 2012 comprometéronse na súa totalidade.

2.2.-MATERIAL ELABORADO POLA ASOCIACIÓN NA EXECUCIÓN DO PROXECTO LEADER “L12-43100-29-B184 DIFUSIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO DO GRUPO. ASISTENCIA A FEIRAS NO TERRITORIO MARIÑAS-BETANZOS”

Este proxecto do Programa Leader da medida 431-B “Adquisición de capacidades e promoción do territorio” consistía na difusión da estratexia e asistencia a Feiras no territorio Mariñas-Betanzos. As feiras desenvolvidas no territorio contribúen á difusión da estratexia e do Programa Leader 2007-2013.

A Asociación Mariñas-Betanzos colaborou nos seguintes eventos:

I ROMARÍA PORCO CELTA AO ESPETO.

Data: 19 de maio de 2012

Concello: Arteixo

Entidade organizadora: Arteixo Centro Comercial Aberto

X FESTA DO PAN DE CARRAL

Data: 12 e 13 de maio de 2012

Concello: Carral

X FEIRA COMERCIO E ARTESANÍA DE CAMBRE

Data: 16 e 17 de XUÑO de 2012

Concello: CAMBRE

Con este proxecto difundíronse as actuacións da Asociación Mariñas-Betanzos, especialmente do Programa Leader e Candidatura a Reserva de Biosfera, coa instalación dun Stand e edición de material publicitario: trípticos e USBs divulgativos do Programa, reedición da guía de produtores, bolsas e carpetas de Mariñas-Betanzos.

3. OUTRAS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN MARIÑAS – BETANZOS

3.1. RESOLUCIÓN AXUDA SOLICITADA POLA ASOCIACIÓN DENTRO DAS SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES DE ACCION VOLUNTARIA PARA O FOMENTO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO.

O día 20 de xuño de 2012 a Asociación Mariñas-Betanzos solicitou unha axuda á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dentro da convocatoria de axudas dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e a realización de actividades de voluntariado (Orde do 15 de maio de 2012).

O 24 de setembro de 2012, tense recibido na sede do GDR Mariñas – Betanzos, resolución da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, concedendo a cantidade de 793,49.-€, debendo ser a xustificación dos gastos polo total do proxecto, 5.000 euros.

A Asociación Mariñas – Betanzos, presenta para a súa xustificación as pólizas de seguros que ascenden a 947,40.-€ polo que percibirá de subvención a parte proporcional que corresponde a 150,35 euros.

3.2. XORNADA DE INSPECCIÓN DA RÍA: TRAMO RÍO MENDO (DE MARTINETE A TABACOS).

O Proxecto Ríos é unha iniciativa de participación, educación e voluntariado ambiental promovida por ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) coa finalidade de dar a coñecer o papel dos espazos fluviais, amosar as súas problemáticas e fomentar iniciativas de custodia do territorio que permitan á cidadanía a conservación e a mellora dos ríos.

Dentro do Proxecto Mandeo, o sábado 23 de outubro de 2012 se levaron a cabo actividades de inspección en tres ríos: Mandeo, Mendo e Fervenzas, onde colaborou Mariñas – Betanzos.

Por outra banda, o día 27 de outubro de 2012, vinte persoas voluntarias do Concello de Culleredo realizaron accións de limpeza das marxes do río Trabe (Concello de Culleredo), estando prevista unha segunda limpeza o día 24 novembro de 2012.

A Xunta Directiva acorda asinar convenios con entidades que queiran replicar estas iniciativas, incluíndo os voluntarios no seguro que ten en vigor para voluntariado a Asociación. A persoa voluntaria, Andrés Pereira, coordinará a execución destas actuacións.

3.3. PROMOCIÓN DOS PRODUTOS DE MAR E HORTA NOS BARRIOS DA CORUÑA.

A Asociación Mariñas-Betanzos e o Grupo de Acción Costeira "Golfo Artabro" traballan conxuntamente na promoción da HORTA de proximidade e dos PRODUTOS DA MAR.

O día 23 de outubro de 2012, celebrouse na cidade da Coruña, concretamente no barrio dos Mallos a xornada: “PROMOCIÓN DOS PRODUTOS DO MAR E DA HORTA DE PROXIMIDADE NOS BARRIOS CORUÑESES”.

O obxectivo principal desta xornada era promover nos barrios coruñeses estes produtos, así como un consumo responsable.

Presentáronse os proxectos onde participa Mariñas-Betanzos, onde estanse a recuperar variedades locais de horta, tales como tomate Negro de Santiago, tomate "Avoa de Osedo" ou tomate de Ourense, e pementos variados como o de "Arnoia" ou "Punxín". Tamén os produtos das Confrarías e mariscadores do noso entorno, tales como ameixas, berberechos, e os "Viños da Terra de Betanzos”.

Dende a Xunta Directiva anímase a seguir traballando nesta liña de promoción dos produtos locais no territorio e nos circuítos curtos (A Coruña).

3.4. PRÁCTICAS DE ALUMNOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NA ASOCIACIÓN MARIÑAS – BETANZOS.

A Asociación Mariñas-Betanzos ten asinado coa Universidade de Santiago de Compostela un convenio para a realización de prácticas de alumnos que están realizando o Máster oficial en Dirección Integrada de Proxectos.

Rosa Insua Noya e Alba Riguera Otero son as alumnas que están realizando as súas prácticas na Asociación dende o 15 de outubro ata o 31 de decembro de 2012, realizando entre outras, as seguintes tarefas: bases para a catalogación e ordenación da paisaxe na Reserva de Biosfera (Alba) e deseño de Programa de Responsabilidade Social Empresarial asociado á Declaración da Reserva de Biosfera (Rosa).

3.5. PROXECTO OPORTUNIDADES DE EMPREGO NO MEDIO RURAL PARA A XUVENTUDE (PROGRAMA INICIATIVA XOVE).

A través da concesión da axuda deste proxecto, contratouse unha asistencia técnica para a elaboración dunha “GUIA DE OPORTUNIDADES DE EMPREGO PARA A XUVENTUDE NO MEDIO RURAL”.

Nesta guía recóllense fichas diferenciadas por áreas temáticas: Sector agroalimentario; Enerxías renovables; Xestión de residuos; Servizos; Xestión forestal; Turismo.

Obxectivos da Guía:

- Identificar os usos e aproveitamentos tradicionais da terra coma unha nova alternativa á xuventude en situación de desemprego.
- Identificar proxectos que poñan en marcha procesos de cambio relacionados co medio ambiente e a sostibilidade.
- Difundir distintas oportunidades de emprego entre mozos e mozas do territorio.
- Fomentar o emprego respectuoso co medio ambiente que poña en valor os recursos propios do territorio como pilar fundamental do crecemento económico sostible.

Tamén, dentro deste proxecto contratouse outra asistencia técnica para o deseño e contido dun espazo web :“Oportunidades de emprego no medio rural para a xuventude das Mariñas e comarca de Betanzos”. <http://mociademarinasbetanzos.blogspot.com.es/>

Editouse un folleto informativo do Programa Iniciativa Xove 2012: “Oportunidades de emprego no medio rural para a xuventude das Mariñas e comarca de Betanzos”.

O importe xustificado ascende a 4.000 euros, sendo a axuda prevista, pola totalidade do proxecto (pendente de resolución de pago).

4. RESOLUCIÓN PROGRAMA INTEGRADO EMPREGO: “RURAL EMPREGA”

O día 17 de outubro de 2012 tense recibido na sede da Asociación Mariñas-Betanzos resolución favorable da Consellería de Traballo e Benestar, segundo a Orde do 5 de xuño onde se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de Programas integrados para o emprego durante os anos 2012 e 2013.

A denominación do programa solicitado por “Mariñas – Betanzos”: “Dinamización do emprego no medio rural (RURAL-EMPREGA).

O importe da axuda concedida para as anualidades 2012 e 2013 ascende a 71.054.-€. Esta axuda leva aparellada unha cofinanciación de 4.263,24.-€ cada anualidade.

Orzamento previsto desagregado

Gastos 2012		Gastos 2013	
Persoal	1.250,00 €	Persoal propio	13.125,00 €
Publicidade	808,28 €	Gastos xerais	800,00 €
Persoal	2.500,00 €	Dietas desprazamento persoal	400,00 €
Formación teórica	6.500,00 €	Mantemento finca	250,00 €
Formación práctica AgroInd	2.000,00 €	Seguros alumnos	427,50 €
Formación práctica Horta	7.425,24 €		
Aluguer finca	2.400,00 €		
Formación práctica xabóns	1.600,00 €		
Gastos xerais	1.987,32 €		
Gastos xerais (materiais)	408,24 €		
Becas transporte	4.000,00 €		
Viaxes demostrativas	2.500,00 €		
Total	33.379,08 €	Total	15.002,50 €

Nº de participantes e colectivos: 100 Obxectivos de inserción 43%

Período execución: 15 outubro 2012 a 14 de outubro 2013. As accións finalizarían o 14 de abril de 2013.

Colectivos a quen va dirixido: persoas desempregadas; mozos e mulleres; persoas desempregadas en risco de exclusión social; persoas inmigrantes; persoas con discapacidade.

O Programa Rural-Emprega pretende baixo un enfoque innovador, dar formación eminentemente práctica a desempregados/as sobre a PRODUCCIÓN HORTÍCOLA e de AGROINDUSTRIA E TRANSFORMADOS (marmeladas, conservas vexetais, sidra, viño) ECOLÓXICOS, con clases teóricas presenciais entre os meses de decembro e febreiro. Nunha 2ª fase trataríase de facilitar que o alumnado se formara con produtores que xa están traballando na actualidade nos nosos 18 concellos.

Tamén haberá outra especialidade deste Programa, que será COWORKING E INICIATIVA EMPRENDE-DORA “Aprender a Emprender”, dirixida a 30 participantes que traballarán na

xeración de iniciativas de emprego sostibles e que contarán con formación e apoio para o desenvolvemento dos plans de empresa.

Para facer fronte ao financiamento dos gastos necesarios para levar a cabo o proxecto “Dinamización do emprego no medio rural (RURAL-EMPREGA) que vai ser financiado coa axuda recibida da Consellería de Traballo e Benestar, a Asociación Mariñas-Betanzos necesita contar con máis fondos dos dispoñibles na actualidade. A póliza de crédito que ten a Asociación ascende a 30.000.-€ que son necesarios para facer fronte aos gastos do Programa Leader.

O novo programa (RURAL-EMPREGA) demanda unha disposición de fondos maior que a actual para que a Asociación non teña que sufrir desfases de tesourería e poida afrontar os pagos antes do cobro da axuda.

A Xunta Directiva acorda solicitar financiamento para adiantar os investimentos do proxecto previos a cobrar o pago, autorizando ao Presidente e Tesoureira a facer os trámites oportunos de solicitude e formalización de préstamo, póliza de crédito ou calquera outra vía de financiamento, co obxecto de cubrir ao circulante deste proxecto.

5. AVANCES NA CANDIDATURA DA RESERVA DA BIOSFERA

O 2 de outubro de 2012 celebrouse a “XIII Reunión del Comité Español del Programa MaB (Hombre y Biosfera) de la UNESCO”.

O Comité español do Programa MaB (Hombre y Biosfera) da Unesco aprobou na súa XIII Reunión dúas propostas de novas Reservas da Biosfera, sendo unha delas a de "MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO"

Nesta reunión asistiron directores xerais das Comunidades Autónomas que contan con reservas da biosfera, e cos representantes dos Consellos Xestores e Científico do propio Comité, xunto aos das organizacións ambientais, sindicatos, organizacións agrarias e empresariais, municipios e provincias.

O veredicto final desta proposta será en París, estando prevista a resolución para o 1º semestre de 2013.

O 3 de novembro de 2012, celebrouse en todo o mundo “Día das Reservas da Biosfera”, dende a Asociación, co obxecto de reforzar a proposta en París, enviouse aos 18 Concellos unha **Declaración Institucional de compromiso coa Candidatura por parte dos concellos participantes na mesma.**

6. INFORME XUSTIFICACIÓN PROXECTOS DE COOPERACIÓN NOS QUE PARTICIPA “MARIÑAS – BETANZOS” XUNTO CON OUTROS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

O 15 de novembro de 2012 remata o prazo para xustificar a segunda anualidade 2012 dos proxectos de Cooperación que están en fase de execución dentro da convocatoria do “Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente”.

Dende “Mariñas – Betanzos”, tense enviado aos Grupos coordinadores de cada un dos proxectos nos que participa, as xustificacións correspondentes, e que a continuación se detallan:

6.1. “TERRITORIOS RURALES COMPROMETIDOS CON EL CAMBIO CLIMÁTICO”.

Neste segundo período do ano 2012, co obxecto de acadar os obxectivos previstos, contratouse un enxeñeiro de montes, que asinou un contrato de duración determinada coa Asociación por tres 3 meses.

As actuacións efectuadas nestes tres meses foron:

- a.-) Realización do “Manual para la promoción de la biomasa como enerxía térmica en Galicia”.
- b.-) Asesoramento a concellos sobre o cambio nos sistemas de calefacción e auga quente por instalacións de biomasa.
- c.-) Publicación na páxina web do manual de promoción da biomasa.
- d.-) Xornada do proxecto de cooperación “Territorios rurais comprometidos na loita contra o cambio climático”.

Importe xustificado: 3.970,94.-€.

6.2. “CALIDAD AGROALIMENTARIA”

As actuacións levadas a cabo dende a Asociación Mariñas-Betanzos na execución deste proxecto no ano 2012, consisten na avaliación das agroindustrias relacionadas coas adegas do Viño de Terra de Betanzos, para adecuarse ademais a visitas turísticas.

Importe xustificado: 2.141,12.-€

6.3 “NUEVOS HORIZONTES”. CULTIVANDO OPORTUNIDADES.

As actividades levadas a cabo dende a Asociación Mariñas-Betanzos na execución deste proxecto no ano 2012, consistiron en labores de vixilancia, control e identificación de pragas e enfermidades en parcela experimental, labores de plantación de trigo sarraceno, labores de control de produción de variedades autóctonas de horta.

Importe xustificado: 8.717,38.-€

7. ROGOS E PREGUNTAS

7.1. MÁSTER UNIVERSITARIO. ARQUITECTURA DA PAISAXE JUANA DE VEGA.

Este Máster que naceu no ano 2006 a través dun Convenio de colaboración entre a Fundación Juana de Vega, a Universidade da Coruña e a de Santiago de Compostela, ten por obxecto dar formación especializada no ámbito do paisaxismo.

O día 6 de novembro, o xerente do Programa LEADER, acompañado pola alumna en prácticas do máster de proxectos e por José Francisco Castro Vilariño, impartiron unha charla informativa aos alumnos de dito Máster sobre o proceso da Candidatura da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

7.2. INTERVENCIÓN PROGRAMAS DA TELEVISIÓN DE GALICIA

Infórmase aos asistentes que diferentes membros da Xunta Directiva teñen participado en reportaxes da TVG, concretamente un sobre o “Camiño Inglés” e outro da “Candidatura da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”. Acórdase cubrir os gastos que este tipo de actividades ocasionen.

7.3. ENTE XESTOR REFUXIOS DO MANDEO.

Infórmase aos asistentes que os establecementos integrados dentro de “Refuxios do Mandeo” están traballando na creación dunha asociación, que xestionaría esta marca.

7.4. CONGRESO DESENVOLVEMENTO RURAL E LEADER. HORIZONTE 2014-2020.

O Presidente informa aos asistentes que o pasado 9 de novembro celebrouse a clausura do Congreso LEADER e Desenvolvemento Rural, organizado pola Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia e que celebrouse na Facultade de Xeografía e Historia da USC os días 7, 8 e 9 de novembro cun gran éxito de asistentes.

Acórdase enviar as conclusións unha vez elaboradas por @ aos membros da Xunta Directiva, onde se inclúen propostas como que AGADER volva a ser independente. Houbo tamén propostas de “abaixo-arriba” do sector.

Tamén fala que dende o Consulado de Panamá teñen previsto vir de visita a Galicia, polo que se está preparando un posible itinerario na comarca.

O representante de Cultura Aberta de Carral, comenta que lle gustaría que non coincidiran as actividades no mesmo día (xornadas, etc.), proponendo, que na medida do posible, se fixeran as xornadas de tarde.

7.5. GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ASOCIACIÓN “MARIÑAS – BETANZOS” FINANCIADOS CO PROGRAMA LEADER.

A Xunta Directiva acorda, que se envíe a AGADER para a súa aprobación o orzamento correspondente aos gastos de funcionamento do ano 2013 e que ascenden a 99.830,55 euros.

A distribución de gastos por partidas son similares ao ano anterior, manténdose os salarios do equipo técnico sen actualizar co IPC.

Por outra banda na partida 431-B de Divulgación do Programa Leader 2007-2013 a Asociación Mariñas-Betanzos conta na anualidade 2013 con 24.957,64.-€, regularizándose aportacións pendentes doutros anos.

A Xunta Directiva de Mariñas-Betanzos ao longo do ano 2013, acorda seguir facendo xornadas informativas e formativas para o desenvolvemento do medio rural, difusión do Programa Leader e da estratexia, viaxes formativos do persoal e dos membros da Xunta Directiva e divulgación do Programa en feiras.

Por este motivo solicítase a apertura dun novo expediente dentro do Programa Leader que comprenda todas estas actuacións (431-B) e que levará por título: “Xornadas técnicas e seminarios sobre desenvolvemento rural e accións de divulgación e difusión” por un importe de 17.000 euros.

Imputaríase parte do salario do persoal do equipo técnico do Programa Leader adicado a estas tarefas.

7.6. SOLICITUDE DE PRÓRROGA PARA O PROXECTO “L10-41300-29-0029 PROXECTO INTEGRAL, SOSTIBLE E DIVULGATIVO DO SECTOR LÁCTEO”

Vendo que vai rematar o prazo de xustificación da última certificación do proxecto “L10-41300-29-0029 PROXECTO INTEGRAL, SOSTIBLE E DIVULGATIVO DO SECTOR LÁCTEO” (20 de decembro de 2012) e para os efectos de dar cumprimento ao establecido na normativa reguladora da xestión do Programa Leader, os membros da Xunta Directiva da Asociación autorizan unha prórroga extraordinaria para este expediente.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 21.30 horas.

En Sada, a 12 de novembro de 2012

A Secretaria

Asdo.: Concepción Lema Torre

Vº e prace Presidencia

Asdo.: D. José A.Santiso Miramontes